

hey.

BO DÍA CON ALEGRÍA!

Que tal estes días de descanso? Espero que moi ben xogando, paseando, cociñando, lendo...

Deixo (como sempre) o enlace ao vídeo para que corrixades o exercicio da semana pasada. Supoño que non houbo ningún problema pois é unha unidade que gusta moito e penso que estou explicándoa dun xeito sinxelo para que non sexa pesada (espero).


<https://youtu.be/DChwynZGOdM>

Hoxe imos revisar que é o **ciclo da vida** dos **seres vivos**. Vexamos este vídeo primeiramente...

https://www.youtube.com/watch?v=IMF5_FL0b6Q

Coñeciadex xa o ciclo vital dos seres vivos, non? Pois ben, quero que preparedes un **esquema do ciclo vital**. Deberes de usar debuxos. Deixo unhas pistas de como facer...

CICLO VITAL DOS SERES VIVOS





Quedaré **feito no caderno a man**. Podedes facelo en horizontal ou vertical. Ten que quedar curioso, con cores e algún debuxo. Por último, teredes que **enviarme dito esquema nunha foto a través do correo electrónico ou whatsapp** que xa coñecen as vosas familias. **IMPORTANTE:** tedes **ata o venres** para envialo.

Imos rematar a sesión de hoxe explicando as características e tipos de plantas. Para iso, escoitaremos este vídeo 😊

<https://youtu.be/L7e21QFIR9s>

Agora escribiremos (despois do esquema do ciclo vital) o seguinte:

AS PLANTAS. A SÚA CLASIFICACIÓN

As plantas son outro tipo de seres vivos, igual que os animais. A gran diferenza é que as planta non se poden desprazar como os animais pero si se moven.

Como todo ser vivo, as plantas realizan as funcións vitais:

- Función de nutrición (crean o seu propio alimento).
- Función de relación (móvense cara o sol, por exemplo).
- Función de reprodución (a partir dunha semente ou anaco de planta).

As plantas están **divididas en tres partes** principalmente:



- Raíz que é a encargada de suxeitar a planta ao solo e toma a auga que necesita para o seu alimento.
- Talo é a parte da planta que crece por encima do solo.
- Follas é o lugar onde se fabrica o alimento.

As plantas poden ser **herba, arbustos e árbores** segundo o seu **talo**.



QUEDA UNHA ÚLTIMA COUSA POR FACER COAS PLANTAS...

Como ben di o resumo que mandeivos escribir no caderno, as plantas reproducense a partir dunha semente ou anaco de planta, non? Pois ben, ides facer un pequeno experimento a ver si funciona (espero que si).

EXPERIMENTO PLANTAS

1. Teredes que escoller sementes (lentellas, chícharos /garbanzos en castelán), fabas) ou un anaco de planta que teñades na casa.
2. Nun recipiente engadiredes un pouco de algodón húmido.
3. Deixaredes as sementes /anacos de planta enriba do algodón.
4. Que pasará?

Igual xa o fixestes moitas veces peeeeeeeeero hai unha diferenca: sodes investigadores e, por tanto, teredes que cubrir esta ficha:

<i>Data da sementa</i>	
<i>Cantas sementes hai no recipiente?</i>	
<i>Data da primeira semente xerminada.</i>	
<i>Que sae primeiro da semente? (raíz ou talo)</i>	
<i>Xerminaron todas as sementes?</i>	
<i>Conclusións</i>	

(A táboa non é necesaria facela pero si escribir as preguntas)

Teredes que **enviarme unha foto (s) ou vídeo do voso experimento máis unha foto da táboa de investigación.**

Tedes ata o **luns 25 de maio** para enviarme o resultado da vosa investigación pois tardan moito tempo en xerminar as sementes...ou non?

ATA O LUNS QUE VEN!!!

NON ESQUEZADES ENVIAR TAMÉN O ESQUEMA DO CICLO VITAL

